



CONCELLO DE REDONDELA

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE REDONDELA POLO 25 DE NOVIEMBRO DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES.

Un ano máis, o Concello de Redondela conmemora o 25 de novembro Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres. Unha data na que retumba nos nosos oídos as mulleres asasinadas polas súas parellas ou exparellas no que vai de ano, 51; as e os fillos e fillas que quedan orfos e orfas, 43 son menores de idade; e datos como que dende o ano 2003, no que se comezan a contabilizar estatísticas oficiais, ata o día de hoxe, 1.027 mulleres foron asasinadas. Non son cifras, son mulleres, son persoas.

O Concello de Redondela, non pode quedar impasible ante estes datos. Nin tampouco ante as novas, imaxes e situacións que escoitamos acotío que reflicten que a violencia de xénero segue presente na sociedade: procesos e sentenzas xudiciais que debaten se é abuso ou violación; a exculpación dos agresores e asasinos polo alcol, as drogas ou o amor; a culpabilización da vítima; a inconsciencia do risco das novas tecnoloxías como ferramenta para exercer a violencia en forma de ciberacoso, sextorsión ou grooming; a normalización de condutas como o control do móbil, da roupa ou de amizades por parte da parella; e así moitos exemplos presentes na nosa vida diaria.

A estes datos, súmanse as estatísticas que reflicten que a incidencia da violencia de xénero na mocidade é preocupante. Un maior control da parella na relación, un aumento do acoso sexual e unha maior violencia na parella, aspectos que se acentúan polo uso das redes sociais e das tecnoloxías, deixan patente a obriga de traballar dende os primeiros anos da infancia, onde prime a educación para a igualdade como forma de previr a violencia contra as mulleres.

Por isto, dende o Concello de Redondela comezamos a traballar cara dúas vías:

- A primeira, contra o agresor. Deixemos de culpabilizar ás vítimas, de enviar mensaxes de coidado e fragilidade a elas. Non. El é quen ten que respectar, non acosar, non piropear, non tocar, non obrigar... Enviemos mensaxes claras e directas ao agresor en to-



dos os ámbitos da vida, reforzando especialmente en espazos e actos de ocio, tal como se fixo no Entroido de verán.

- A segunda, cara a infancia e a mocidade. Información, formación e prevención en colaboración cos centros educativos a través de exposicións, charlas e traballos como o proposto para este día. *A historia de Pepe e Pepa*, de Carmen Ruíz Repullo. Unha historia tan real e posible como a de calquera parella de adolescentes que acaban de comezar unha relación. A medida que vai avanzando o conto, a parella vai subindo banzos dunha escaleira. En cada banzo, Pepe controla un pouco máis a Pepa.

Pero non é suficiente. O rexeitamento de todo tipo de violencia contra as mulleres e a loita para a súa erradicación é un compromiso social e dos poderes públicos, asumindo entre todas e todos, mulleres e homes, a responsabilidade de construír unha sociedade libre de violencia sexista, que garanta o dereito á igualdade sen distinción de sexo.

Por iso, como entidade pública, o Concello de Redondela traballa seguindo as liñas marcadas polo Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero, que establece a necesidade de situar a loita contra todas as formas de violencia cara as mulleres como asunto prioritario na axenda pública.

Hoxe, 25 de novembro de 2019, pedimos que ningunha agresión sexista quede sen resposta, condenamos e rexeitamos calquera expresión de violencia contra as mulleres e enviamos o noso apoio ás vítimas e as súas familias. Contra a violencia machista, nin un paso atrás.